

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*RESOLUCIÓN do 27 de febreiro de 2012, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se ordena o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo da comisión negociadora do Convenio colectivo de ámbito autonómico de Galicia para a actividade arqueolóxica, relativo á aprobación das táboas salariais para o ano 2012.*

Visto o acordo polo que se aproban as táboas salariais para o ano 2012, que suscribiu a comisión negociadora do Convenio colectivo de ámbito autonómico de Galicia para a actividade arqueolóxica, na reunión que tivo lugar o 9 de febreiro de 2012, e de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo.

Esta Dirección Xeral de Relacións Laborais,

#### ACORDA:

Primeiro. Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG n.º 222, do 18 de novembro).

Segundo. Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2012.

Odilo Martiñá Rodríguez  
Director xeral de Relacións Laborais

#### ANEXO

- Pola AEGA:  
Andrés Bonilla Rodríguez, presidente.
- Pola CIG:  
Mario César Vila.  
Elena Lima Olveira.  
Ana Tembra Piñeiro.  
Manuel Díaz Vázquez.

Reunidos nos locais da CIG de Santiago de Compostela, o día 9 de febreiro de 2012, sendo as 16.30 horas, as persoas á marxe sinaladas, en representación da Asociación Empresarial AEGA e da Federación de Banca, aforro, seguros e oficinas da Confederación Intersindical Galega, na respectiva representación que desempeñan de compoñentes da Comisión Negociadora do I Convenio colectivo de ámbito autonómico de Galicia para a actividade arqueolóxica, e recoñecéndose ambas as partes capacidade lexítima para negociar, chegan aos seguintes acordos:

Primeiro. As partes asinantes en representación da AEGA e da Federación de Banca, aforro, seguros e oficinas da Confederación Intersindical Galega, respectivamente, asinaron o I Convenio colectivo de ámbito autonómico de Galicia para a actividade arqueolóxica.

Segundo. O artigo 20.2 do Convenio colectivo establece que se revalorizarán as táboas salariais na mesma porcentaxe que o IPC real de cada ano.

Terceiro. Os reunidos na representación que desempeñan e con base no disposto no artigo 20.2 do Convenio colectivo, acordan abrir as negociacións para actualizar as táboas salariais conforme o IPC real.

Cuarto. Os reunidos chegan ao acordo de revalorizar as táboas salariais para o ano 2012 no 2,40%, acompañanse a esta acta as táboas revalorizadas e asinadas polos comparecentes.

As partes confiren mandato a Breixo Losada Valdez, para que proceda a realizar os trámites necesarios para a súa presentación e rexistro ante a autoridade laboral e publicación do DOG.

O que en proba de conformidade asinan as partes no lugar e data indicados no encabezamento.

Categoría	Salario base	Compl. asist.	Compl. transp.	PP.EE.	Vacac.	Salario br. mes	Salario br. ano
Director/a	1.420,93	182,36	325,65	267,21	133,6	2.329,75	27.957
Técnico/a	943,31	182,36	325,65	187,62	93,81	1.732,75	20.793
Técnico/a de apoio	857,55	182,36	325,65	173,3	86,65	1.625,51	19.506,12
Arqueólogo/a de empresa	937,88	182,36	108,54	186,71	93,36	1.508,85	18.106,2
Técnico/a especialista	943,31	182,36	217,09	187,62	93,81	1.624,19	19.490,28
Oficial auxiliar	772,88	182,36	325,65	159,2	79,61	1.519,7	18.236,4
Auxiliar	707,76	182,36	217,09	148,35	74,18	1.329,74	15.956,88
Xefe/a administrativo/a	801,16	182,36	108,55	163,94	81,94	1.337,95	16.055,4
Oficial administrativo/a	770,7	182,36	108,55	158,92	79,49	1.300,02	15.600,24
Auxiliar administrativo/a	707,76	182,36	108,55	148,35	74,18	1.221,20	14.654,4